

ORDENANZA FISCAL Núm. 3

**REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO
DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**

Artigo 1

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo co previsto no artigo 59 do RDL 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establece o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se regulará conforme a seguinte ordenanza.

Artigo 2

1. Toda transmisión mortis causa dunha vivenda que constitúa a vivenda habitual do causante cando o adquirente sexa o seu cónxuxe ou sexan os seus descendentes e adoptados ou os seus ascendentes e adoptadores, terán unha bonificación do 70%.

Esta bonificación terá carácter rogado, quedando suxeita aos seguintes requisitos:

a) Será aplicable exclusivamente en relación á vivenda habitual do suxeito pasivo, para isto deberá acreditar unha convivencia co causante durante polo menos 2 anos antes do seu falecemento e manter a titularidade e o uso do dito inmovible durante os 4 anos seguintes. No caso de transferir a dita titularidade dentro do citado prazo, o non manter o uso do inmovible, procederase á liquidación da diferenza entre a cota íntegra e a cota líquida máis os xuros de mora correspondentes.

Será obriga do suxeito pasivo comunicar a transferencia da titularidade, o cesamento do uso dentro do referido prazo de 4 anos. O incumprimento desta obriga determinará a tramitación dun expediente sancionador, nos termos da normativa vixente.

b) O valor solo do inmovible non poderá superar os 22.000€.

2. Para os efectos do recoñecemento da exención recoñecida no artigo 105.1 letra b do Real Decreto Lexislativo 2/2004, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación dos inmobles referidos no dito precepto terán que ter un valor mínimo do 10% da valoración catastral do inmovible, e a súa execución -para devengos derivados dunha transmisión intervivos- deberá de levarse a cabo como máximo 5 anos antes do devengo do imposto, quedando excluídas as obras que se executen cun ano de anterioridade ao citado devengo.

A acreditación do importe das obras realizarase mediante a achega das facturas correspondentes.

Artigo 3

- a) A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real de valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do pagamento experimentando ó longo dun período máximo de vinte anos.
- b) Para determinar o importe do incremento real a que se refire o apartado anterior, aplicaráselle sobre o valor do terreo no momento do pagamento a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante o cales se xerese este incremento.
- c) A porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplicar o número de anos expresado no apartado 2 do presente artigo pola correspondente porcentaxe anual, que ha de ser:

Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre 1 e 5 anos	3
--	---

Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 10 anos	2,6
Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 15 anos	2,5
Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 20 anos	2,4

Artigo 4

A cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible os seguintes tipos:

Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre 1 e 5 anos	26
Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 10 anos	24
Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 15 anos	22
Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 20 anos	20

Artigo 5

Este imposto podra ser obxecto de autoliquidación. O período autoliquidatorio coincidirá cos prazos legalmente establecidos para a presentación da documentación esixida a efectos liquidatorios.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A efectos da aplicación dos novos valores resultantes da revisión colectiva fíxase no 40% a redución aplicable nos termos do artigo 107.3 do RDL 2/2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2016 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.